No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**DÉCIMO CUARTO.-** O artigo 147 da LSG establece en relación aos actos promovidos polas administracións públicas que

Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

**DÉCIMO QUINTO:-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- *As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).*

*Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.*

- *As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.*
- *As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.*
- *A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:*
  - a) *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.*
  - b) *Finalidade da actuación e uso a que se destinará.*
  - c) *Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.*
  - d) *Orzamento de execución material.*
  - e) *Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.*
  - f) *Nome ou razón social da persoa promotora.*
  - g) *Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.*
  - h) *Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.*
  - i) *Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.*
- *Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.*





- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**DÉCIMO SEXTO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO SÉTIMO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

#### IV RESOLUCIÓN

**VISTA** a solicitude **LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE ACCESO** ás instalacións destinadas á estación de servizo de subministro de combustible líquido polo miúdo, nos termos do Informe resolución favorable de autorización de acceso existente por mor da legalización de estación de servizo na estrada autonómica AC-550 emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas asinado o día 23 de marzo de 2020 polo xefe de sección técnica Sra. Sandra Pintado Pérez e polo xefe do servizo provincial da AXI na Coruña Sr. Felipe de la Vega Gándara, así como da documentación técnica “Anexo de acceso ao proxecto para a legalización de instalacións de suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros de Camiños Canales e Portos nº 2019/04454/01 de día 26 de novembro de 2019 e do “Anexo ao proxecto para a legalización técnica de acceso a las instalaciones de suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros de Camiños Canales e Portos nº 0038901 de día 11 de febreiro de 2021 redactados polo Sr. José Plácido Gosende Tuñas, (enxeñeiro de camiños canales e portos).

**VISTA** a solicitude de **LICENZA DE LEGALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DESTINADAS Á ESTACIÓN DE SERVIZO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO** nos termos da Resolución de incrición no rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de carburantes e combustibles petrolíferos líquidos asinado o día 26 de agosto de 2014 polo director xeral de enerxía e minas Sr. Ángel Bernardo Tahoces e polo xefe do servizo de seguridade industrial Sr. Xan Mera Cabanelas, do Informe resolución favorable emitido pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas de día 9 de decembro de 2019 aos efectos da non procedencia da aplicación do Decreto 45/2015 de 26 de marzo asinado polo xefe do servizo de metroloxía e seguridade industrial Sr. Rafael Vega Riveira, do informe favorable da Consellería do Medio Rural de día 19 de xuño de 2020 aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia asinada polo subdirector xeral de prevención Sr. Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta, da Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de subministro de combustible polo miúdo nunha estación de servizo existente, emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Expte CO/2019/134/(JAS) asinado o día 2 de novembro de 2020 polo xefe da sección xurídica Sr. Luis Guillermo Eirís Puñal, pola xefa do



servizo de calidade e avaliación ambiental Sra. Luisa Fernanda Pérez Montero e pola xefa territorial Sra. Cristina Carrión Rodríguez, así como da documentación técnica “Proyecto único integrado de legalización de instalaciones destinadas al suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia nº 20193306 de día 29 de novembro de 2019 redactado por Fernando García- Pintos Escuder, (enxeñeiro industrial col. 907) / “Anexo al Proyecto único integrado de legalización de instalaciones destinadas al suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia nº 20210633 de día 2 de marzo de 2021 redactado polo Sr. Gumersindo Fernández Díaz, (enxeñeiro industrial col. 1.352).

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital favorable de día 19 de febreiro de 2021, os informes técnicos emitidos polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga con sinatura dixital favorable de días 26 de febreiro e 2 de marzo de 2021, o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez con sinatura dixital favorable de día 2 de marzo de 2021, e o informe xurídico favorable emitido polo TAX adscrito ao Departamento de Urbanismo José Martínez de Llano Orosa con sinatura dixital favorable de día 3 de marzo de 2021, a xuízo de quen subscribe considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

De acordo coas argumentacións esgrimidas no informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 03/03/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á entidade **PUNTOS BAJO COSTE, S.L. (CIFB.86591021)**, **LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE ACCESO (Nº 6/21)** ás instalacións destinadas á estación de servizo de subministro de combustible líquido polo miúdo, nos termos do Informe resolución favorable de autorización de acceso existente por mor da legalización de estación de servizo na estrada autonómica AC-550 emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas asinado o día 23 de marzo de 2020 polo xefe de sección técnica Sra. Sandra Pintado Pérez e polo xefe do servizo provincial da AXI na Coruña Sr. Felipe de la Vega Gándara, así como da documentación técnica “Anexo de acceso ao proxecto para a legalización de instalacións de suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros de Camiños Canales e Portos nº 2019/04454/01 de día 26 de novembro de 2019 e do “Anexo ao proxecto para a legalización técnica de acceso a las instalaciones de suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros de Camiños Canales e Portos nº 0038901 de día 11 de febreiro de 2021 redactados polo Sr. José Plácido Gosende Tuñas, (enxeñeiro de camiños canales e portos).

**SEGUNDO.- CONCEDER** á entidade **PUNTOS BAJO COSTE S.L. (CIF B.86591021)**, **LICENZA DE LEGALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DESTINADAS Á ESTACIÓN DE SERVIZO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE LÍQUIDO POLO MIÚDO (Nº 6/21 bis)**, nos termos da Resolución de incrición no rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de carburantes e combustibles petrolíferos líquidos asinado o día 26 de agosto de 2014 polo director xeral de enerxía e minas Sr. Ángel Bernardo Tahoces e polo xefe do servizo de seguridade industrial Sr. Xan Mera Cabanelas, do Informe resolución favorable emitido pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas de día 9 de decembro de 2019 aos efectos da non procedencia da aplicación do Decreto 45/2015 de 26 de marzo asinado polo xefe do servizo de metroloxía e seguridade industrial Sr. Rafael Vega Riveira, do informe favorable da



Consellería do Medio Rural de día 19 de xuño de 2020 aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia asinada polo subdirector xeral de prevención Sr. Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta, da Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de subministro de combustible polo miúdo nunha estación de servizo existente, emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Expte CO/2019/134/(JAS) asinado o día 2 de novembro de 2020 polo xefe da sección xurídica Sr. Luis Guillermo Eirís Puñal, pola xefa do servizo de calidade e avaliación ambiental Sra. Luisa Fernanda Pérez Montero e pola xefa territorial Sra. Cristina Carrión Rodríguez, así como da documentación técnica “Proyecto único integrado de legalización de instalaciones destinadas al suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia nº 20193306 de día 29 de novembro de 2019 redactado por Fernando García- Pintos Escuder, (enxeñeiro industrial col. 907) / “Anexo al Proyecto único integrado de legalización de instalaciones destinadas al suministro al por menor de combustibles líquidos” co visado do Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia nº 20210633 de día 2 de marzo de 2021 redactado polo Sr. Gumersindo Fernández Díaz, (enxeñeiro industrial col. 1.352).

**TERCEIRO.-** Deberá adecuarse integramente ao disposto polo artigo 39.e) da LSG e fárase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución aos interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, entendendo como tales á entidade **PUNTOS BAJO COSTE S.L.**, á **ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE ESTACIONES DE SERVICIO DE A CORUÑA**, así como á entidade **AGRO DO FORNO S.L.**

**QUINTO.-** Unha vez obtida a licenza de legalización de obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira utilización para o exercicio da actividade.

**SEXTO.-** Durante a execución da actividade non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Durante a execución da actividade adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.- LICENZA MUNICIPAL PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE E CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA NO LUGAR DE PERDIGOTEIRA, QUEDAMOIRO, ARTES, RIBEIRA**

PROMOTOR: ALBA CAROLINA BALLESTEROS E PABLO SARASQUETE FARIÑA  
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 140.402,50€

**VISTA** a solicitude de licenzia urbanística presentada por **Dna. Alba Carolina Ballesteros e D. Pablo Sarasquete Fariña** para **DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE e CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** no lugar de Perdigoteira, Quemadoiros, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A001006380000KQ, nos termos do Proxecto Básico de 23 de febreiro de 2021 redactado por D.Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916) así como da resolución favorable emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural asinada dixitalmente o día 26 de maio de 2020 polo xefe territorial Sr. Severino Álvarez Monteserín

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto municipal de data 1 de marzo de 2021, do técnico de administración xeral de data 2 de marzo de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 2 de marzo de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Alba Carolina Ballesteros e D. Pablo Sarasquete Fariña LICENZA DE OBRAS (nº 7/21) para DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE e CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** no lugar de Perdigoteira, Quemadoiros, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A001006380000KQ, nos termos do Proxecto Básico de 23 de febreiro de 2021 redactado polo Sr. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916) así como da resolución favorable emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural asinada



dixitalmente o día 26 de maio de 2020 polo xefe territorial Sr. Severino Álvarez Monteserín:

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.

-Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franja sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 150,40 m<sup>2</sup>**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 491,36 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
  - *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
  - *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
  - *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño,*



*polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

### **3.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA NO LUGAR DE RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO, N º 18, AGUIÑO, RIBEIRA**

PROMOTOR : MARÍA JOSÉ MARIÑO LAPIDO E JOSÉ MARÍA MUÑIZ MILLET  
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 196.122,47 €

**VISTA** a solicitude de licencia urbanística presentada por Dna. M<sup>a</sup> José Mariño Lapido e D. José M. Muñiz Millet para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 118, Aguiño, en parcela A (resto de finca matriz) resultante da licenza de segregación nº 6/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, nos termos do Proxecto Básico de febreiro de 2020 así como Escrito de alegacións asinado pola Sra. M<sup>a</sup> del Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. nº 2.498) redactora do proxecto o día 24 de novembro de 2020.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 9 de xuño, 14 de decembro de 2020, e 28 de xaneiro de 2021, do técnico de administración xeral de data 26 de febreiro de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 1 de marzo de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.-** **CONCEDER** á M<sup>a</sup> José Mariño Lapido e D. José M. Muñiz Millet **LICENZA DE OBRAS (Nº 8/21)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 118, Aguiño, en parcela A (resto de



finca matriz) resultante da licenza de segregación nº 6/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, nos termos do Proxecto Básico de febreiro de 2020 así como Escrito de alegacións asinado pola Sra. M<sup>ª</sup> del Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. nº 2.498) redactora do proxecto o día 24 de novembro de 2020:

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá en relación aos 7,00 m<sup>2</sup> ~~xa cedidos ao concello de Ribeira~~ parcela A (resto de finca matriz) resultante da licenza de segregación nº 6/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de outubro de 2019, contrato de cesión asinado o día 28 de outubro de 2019 polo Sr. Cipriano Mariño Sampedro, completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 469,46 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade.

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis

art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co





establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuita de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### **4.- LICENZA MUNICIPAL PARA ELEVACIÓN DE PLANTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE NO LUGAR DE RÚA PENISQUEIRA, Nº 4, AGUIÑO, RIBEIRA**

PROMOTOR: ARACELI FERNÁNDEZ PÉREZ  
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:37.520€

**VISTA a solicitude** de licencia urbanística presentada por **Dna. Araceli Fernández Pérez** para elevación dunha planta en vivenda unifamiliar existente, sita na Rúa Penisqueira nº 4, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8783111MH908850001YP, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de xaneiro de 2021 redactado polo Sr. D. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. Nº 128)

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico municipal de data 18 de decembro de 2020, do técnico de administración xeral de data 26 de febreiro de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 1 de marzo de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Araceli Fernández Pérez LICENZA DE OBRAS (Nº 9/21)** para elevación dunha planta en vivenda unifamiliar existente, sita na Rúa Penisqueira nº 4, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8783111MH908850001YP, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de xaneiro de 2021 redactado polo Sr. D. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. Nº 128).



- Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 3.075,27 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde..**

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*  
*-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*



- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SIXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados



*entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

#### VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

##### ACORDO DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS - FRANCISCO ROMAY SIEIRA

**VISTA** a solicitude de licenza de segregación de fincas presentada por **D. Francisco Romay Sieira**, (D.N.I. 52.931.056-Y), escritos rexistrados de entrada os días 4 e 14 de decembro de 2020, os días 3, 12 e 23 de febreiro de 2021, (Rexistro de entrada nº 16.586, 16.996, 1.534, 1992 e 2.493), licenza de segregación de finca con refª catastral nº 15074A902017080000UB, sita na Rúa Buenos Aires nº 130, Corrubedo, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2021 redactado polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633), así como escritura de propiedade

**VISTO** o **informe técnico** emitido polo arquitecto técnico municipal D. Jesús García Ramos con sinatura dixital favorable de día **29 de decembro de 2020**.

**VISTO** o **plano de cesión** emitido pola oficina técnica emitido de **febreiro de 2021**.

**VISTO** o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **26 de febreiro de 2021**

**VISTO** o **informe** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **1 de marzo de 2021**

**ACREDITADO** que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A**.



**RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA e solo RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.**

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- PRIMEIRO.- CONCEDER** ao Sr. Francisco Romay Sieira, (D.N.I. 52.931.056-Y) a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº2/21)** con refª catastral nº 15074A902017080000UB, sita na Rúa Buenos Aires nº 130, Corrubedo, Riveira, nos termos do Estudo Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2021 redactado polo Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez (enxeñeiro da edificación col. nº 2.633) resultando finalmente catro (4) fincas de modo que:

- **FINCA MATRIZ:** Finca con refª catastral nº 15074A902017080000UB, que de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 1.518,23 m<sup>2</sup> en solo urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada e 3.325,77 m<sup>2</sup> en Solo Rústico de Protección Ordinaria.
- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**
- **FINCA A, (RESTO FINCA MATRIZ),** emprazada en Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada cunha superficie bruta de 515,53 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 27,61 m<sup>2</sup> resultando unha unha superficie neta de 542,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte estrada AC-303; Sur Parte Rustica desta 15074A902017080000UB; Este finca B resultante da segregación; Oeste camino asfaltado.
- **FINCA B** cunha superficie bruta de 500,95 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 14,62 m<sup>2</sup> resultando unha unha superficie neta de 486,33 m<sup>2</sup>, que linda: Norte estrada AC-303; Sur Parte Rustica desta 15074A902017080000UB; Este finca C resultante da segregación; Oeste finca A (resto finca matriz), resultante da segregación.
- **FINCA C** cunha superficie bruta de 501,75 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 18,20 m<sup>2</sup> resultando unha unha superficie neta de 483,58 m<sup>2</sup>, que linda: Norte estrada AC-303; Sur Parte Rustica desta 15074A902017080000UB; Este finca con refª catastral nº 15074A90201927; Oeste finca B resultante da segregación.
- **FINCA D** emprazada en Solo Rústico de Protección Ordinaria que non e obxecto de segregación algunha e mantén a súa integridade cunha superficie neta de 3.325,77 m<sup>2</sup> en Solo Rústico de Protección Ordinaria, que linda: Norte Finca A resto finca matriz, finca B e finca C resultantes da segregación; Sur finca con refª catastral nº 15074A90201714, finca con refª catastral nº 15074A90201829, e finca con refª catastral nº 15074A90201711; Este finca con refª catastral nº 15074A90201927, finca con refª catastral nº 15074A90201931, finca con refª catastral nº 15074A90201706, e finca con refª catastral nº 15074A90201711; Oeste camino asfaltado e finca con refª catastral nº 15074A90201714.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprendendo unha superficie total de cesión 60,43 m<sup>2</sup> resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A, (resto finca matriz) unha superficie de cesión de 27,61 m<sup>2</sup>, na Finca B unha superficie de 14,62 m<sup>2</sup>, na Finca C unha superficie de al de cesión de 18,20 m<sup>2</sup>.



**SEGUNDO:** En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 14,00 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro da finca A unha superficie de cesión de 8,00 m<sup>2</sup>, e no lindeiro da finca B unha superficie de cesión de 6,00 m<sup>2</sup>.

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

**TERCEIRO.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

**CUARTO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**QUINTO:-** Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

Así mesmo, quedará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección <https://www.ribeira.gal>*].

#### X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

**RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JUAN ANTONIO ARMENTEROS CUETOS, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, POR DANOS NO EDIFICIO SITO NA RÚA VILAR, Nº 46-48, OCASIONADOS POLAS ROTURAS DAS TUBARIAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA. EXPEDIENTE 2020 RESP000007.**



Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Juan Antonio Armenteros Cuetos** en nome e representación de **AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

### FEITOS

Primeiro.- O día 27 de xullo de 2019 produciuse unha rotura da tubaría da condución municipal de abastecemento de auga diante do portal do edificio sito na Rúa do Vilar, número 46-48, da parroquia de Palmeira, o que ocasionou a inundación da planta baixa, do foso do ascensor, do garaxe e da planta soto do citado inmovible, que na data do sinistro estaba asegurado coa entidade AXA SEGUROS GENERALES S.A, baixo a cobertura da póliza de comunidades 1043721, contratada pola Comunidade de Propietarios do edificio, que, entre outros riscos, tiña subscritos os danos por auga nos termos establecidos na mencionada póliza.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/03/2020 co número 3.288, D. Juan Antonio Armenteros Cuetos, en nome e representación da entidade aseguradora AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no inmovible como consecuencia da inundación, que cuantifica na contía total de 3.606,67 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan dende a data do sinistro.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación:

- Copia simple do xustificante de pago do custo da reparación pola entidade aseguradora.
- Copia simple de informe pericial.
- Copia simple de informe emitido pola Policía local como consecuencia do sinistro.
- Copia simple da oferta de reforma emitida por “Ascensores Enor”.
- Copia simple de facturas emitidas por “Ascensores Enor” e pola entidade “Gesprocar S.L.”
- Copia simple da escritura de substitución de poderes outorgada na data 12/03/2009 polo Notario D. Alfonso González Delso, co número 706 de protocolo.
- Copia simple de certificación de conta bancaria da que é titular a entidade reclamante.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 27/07/2019 pola Policía Local; informe emitido na data 16/11/2020 pola Policía Local; informe emitido na data 17/11/2020 pola entidade VIAQUA; e informe emitido na data 21/01/2021 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### PRIMEIRO.-





A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

#### **SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **TERCEIRO.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto



lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a entidade aseguradora do inmovible sito no número 46-48, da Rúa do Vilar, parroquia de Palmeira no que se produciron os danos, isto é, "AXA SEGUROS GENERALES S.A.", ao asumir a mesma o custe de reparación dos danos, como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: "El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización." E fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.**

A entidade reclamante actúa representada por D. Juan Antonio Armenteros Cuetos, que acredita a súa representación mediante copia simple de escritura de substitución de poderes outorgada na data 12/03/2009 polo Notario D. Alfonso González Delso, co número 706 de protocolo.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no edificio sito na Rúa Vilar, nº 46-48, da parroquia de Palmeira. Así se deduce do informe pericial e das facturas de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a entidade reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento da rede de abastecemento de auga.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido, tal e como consta no seu informe emitido na data 27/07/2019: **"(...) Personados en el nº 46/48 de la Rúa do Vilar, se pudo comprobar que había entrado agua en el sótano, garaje, trasteros, entrada al edificio y ascensor, dejando gran cantidad de agua y tierra. Que según manifestaciones del Presidente de la Comunidad (...), la empresa Viaqua es conocedora del problema que vienen padeciendo desde hace mucho tiempo, que las tuberías están en muy mal estado, y que se rompen en muchas ocasiones quedando sin servicio de abastecimiento de agua hasta 29 veces, desde que el reside ahí. Se pudo comprobar que la entrada de agua procede de la vía pública, por rotura de la canalización de agua, inundando el firme y ensuciando en su totalidad."**
- A entidade VIAQUA, concesionaria da xestión dos servizos de abastecemento e saneamento do Concello de Ribeira, emite o seguinte informe na data 17/11/2020: **"1) Este servizo tivo coñecemento dos feitos polos que se reclama o mesmo día que ocorreu a incidencia, e así se fixeron os traballos de reparación da avaría correspondentes, e se deu**



*parte á nosa compañía de seguros co fin de peritar os danos e indemnizar ós afectados. 2) O mantemento da rede de saneamento municipal que discorre pola Rúa do Vilar, parroquia de Palmeira, é competencia de VIAQUA, aínda que neste caso os danos foron producidos pola rotura da tubaría xeral de abastecemento municipal, que tamén é competencia de VIAQUA. 3) As tubarías da rede de abastecemento municipal da rúa Vilar son de fibrocemento, material totalmente obsoleto actualmente, e teñen unha antigüidade de máis de trinta anos, polo que excederon a súa vida útil. O Concello ten previsto substituír proximamente estas tubarías e así redactou un proxecto a tal efecto. 4) A orixe do sinistro debeuse a rotura da rede xeral de abastecemento municipal, que provocou a entrada de auga no interior do inmovible. 5) A rede de abastecemento da rúa Vilar conta con varias avarías nos últimos anos, xa que como se comentou anteriormente tratase dunha rede moi antiga. 6) As actuacións feitas por VIAQUA, consistiron na reparación da avaría na rede de abastecemento municipal, e o achique da auga que penetrou no foso do ascensor da edificación. Tamén se deu parte o noso seguro para peritar os danos producidos segundo as reclamacións dos afectados. Una vez recibida a peritación, que non coincidía co reclamado pola Comunidade de Propietarios, ofrecéuselles a indemnización correspondente por importe de 490,5 euros, pero a Comunidade de Propietarios indicounos que xa habían dado parte a súa aseguradora (AXA Seguros Generales S.A.), polo que estábamos a espera da reclamación formal por parte da mesma.”*

- Por último a enxeñeira municipal, informa o seguinte: “(...) se afirma que los servicios públicos de abastecimiento de agua potable y saneamiento del Concello de Ribeira, es un servicio de competencia municipal, cuya gestión, mediante concesión administrativa, lleva la entidad VIAQUA. En el Departamento de Obras Públicas no se tuvo constancia del siniestro por el que se reclama, ya que, como se ha referido, la gestión de este servicio público es competencia de la entidad VIAQUA. Sin embargo, si puede afirmarse que, tal y como consta en el informe emitido por la entidad VIAQUA con motivo de la reclamación presentada, las tuberías de la red de saneamiento municipal de la calle Vilar, parroquia de Palmeira, son antiguas, llegando a su vida útil. De hecho se ha procedido por este departamento a la elaboración del proyecto para renovar las tuberías de saneamiento y abastecimiento denominado “Renovación de servicios en Rúa Vilar”, en el tramo comprendido entre la Rúa Miñoteiro y Rúa Barreiro.”

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao inmovible sito na Rúa do Vilar nº 46-48.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á rede de abastecemento de auga, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos derivados da rotura das tubarías, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 c) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da



Administración Local, conséntase que o mantemento do servizo compete á entidade VIAQUA como concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, asinado na data 30/07/2010 entre o Concello de Ribeira e a entidade VIAQUA, dispón na súa cláusula 23 que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: "(...) g) Indemnizar polos danos que se causen a terceiros polo normal ou anormal funcionamento dos servizos, a non ser que o dano sexa producido por causas imputables á Administración ou por forza maior". E a cláusula 46 do citado contrato dispón que o concesionario terá ou seu cargo as obras e instalacións municipais de Abastecemento de Auga Potable e Sumidoiro do Concello de Ribeira, sendo responsable do seu bo funcionamento e conservación.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir



contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de AXA SEGUROS GENERALES S.A., deuse audiencia á entidade concesionaria VIAQUA, mediante Decreto da Alcaldía de data 21/01/2021, que foi notificado na data 21/01/2021, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/03/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Juan Antonio Armenteros Cuetos, en nome e representación de AXA SEGUROS GENERALES S.A., polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlo o dereito a unha indemnización de 3.606,67 euros.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade concesionaria do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento VIAQUA, de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude das cláusulas 23 g) e 46 do contrato administrativo.

#### XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Juan Vicente González Vidal**, de data 09/02/2021 (Rexistro de entrada nº 1.805), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Estrada Xeral, nº 156 (Castiñeiras).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 27/02/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Conceder a Juan Vicente González Vidal** autorización para a instalación dun **sinal de vao permanente** (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Estrada Xeral, nº 156 (Castiñeiras), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



## XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **José María García Pérez**, de data 23/02/2021 (Rexistro de entrada nº 2.521), no que solicita a instalación de sinalización de rúa sen saída no lugar de Castro (Artes).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 01/03/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Autorizar** a instalación de dúas sinais viarias tipo S-15a (presinalización de calzada sen saída), segundo o sinalado no citado informe policial, en sendas rúas situadas no lugar de Castro (Artes), para evitar que os vehículos circulen por elas xa que carecen de espazo para cambiar de sentido e teñen que saír das mesmas marcha atrás.

2.- Visto o informe con proposta de resolución emitido pola **Policía Local**, de data 02/03/2021, relativo ao cambio de consideración viaria a “residencial” na Rúa Otero Pedrayo (Ribeira).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Autorizar** a substitución da sinal de entrada prohibida (R-101) pola de zona residencial complementada coa sinal de circulación prohibida “excepto autorizados” (S28 + R-100), segundo o sinalado no citado informe policial, debido ao escaso tráfico rodado e á ocupación das beirarrúas con terrazas da hostalería, e así dar prioridade de tránsito aos peóns fronte aos vehículos.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local a sentenza nº 00037/2021, de data 10/02/2021, remitida polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Procedemento: PA Procedemento Abreviado 0000325/2018) interposto pola representación procesal de D. Agustín Cadillo Pérez contra resolución sancionadora en materia de tráfico ditada polo Concello de Ribeira en data 20/06/2018.

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local a sentenza nº 00015/2021, de data 22/02/2021, remitida polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2 da Coruña**, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Procedemento: PA Procedemento Abreviado 0000325/2018) interposto pola representación procesal de D<sup>a</sup>. Natalia Cacabelos Pérez contra resolución sancionadora en materia de tráfico ditada polo Concello de Ribeira en data 04/03/2020.



**ACORDO RELATIVO AOS CAMBIOS NOS ESPECTÁCULOS SELECCIONADOS POLO CONCELLO NA REDE CULTURAL 2020 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA ASÍ COMO NA SELECCIÓN DO NOSO G.T. MUNICIPAL POR PARTE DOUTROS CONCELLOS DA PROVINCIA A TRAVÉS DO MESMO PROGRAMA.**

**VISTO** o informe con proposta de resolución da **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 02/03/2021, relativo aos cambios nos espectáculos seleccionados polo concello na Rede Cultural 2020 da Deputación da Coruña así como na selección do noso G.T. Municipal por parte doutros concellos da provincia a través do mesmo programa, no que sinala:

*“A Deputación Provincial da Coruña publicou as Bases Reguladoras da Programación da Rede Cultural para o ano 2020 no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 9 de 15/01/2020.*

*Con motivo da situación provocada polo COVID-19 por Resolución da Presidencia nº 18052 de data 09/06/2020, veu de modificar anteditas Bases, establecendo un novo prazo de solicitude de espectáculos ata o 15/06/2020 (BOP nº85 de 11/6/2020).*

*Establecéuse ademáis que no caso de que non sexa posible a realización dos espectáculos adxudicados aos concellos antes do 31 de decembro de 2020 poderán realizarse no primeiro trimestre do ano 2021, con data límite do 31 de marzo de 2021.*

*Por resolución da Presidencia da Deputación nº 21345, de data 10/07/2020, aprobouse a adxudicación aos concellos da provincia dos espectáculos correspondentes do Programa Rede Cultural 2020, entre os que figura as actuacións concedidas ao Concello de Ribeira.*

*1.- Por mor da actual alerta sanitaria derivada da Covid-19, algunhas destas adxudicacións tiveron que ser adiadas para a súa realización durante o mes de marzo do presente ou canceladas definitivamente a petición das compañías, correspondendo ás seguintes:*

CÓDIGO	PROGRAMA	ESPECTÁCULO	Data prevista	Data celebración
LMU/5	Lingua a escena	Ris Ras. Baobab (Auditorio)	21/12/2020	<b>13/03/2021</b>
PMI/45	Escena ao vivo. Maxia	Trío de Ases. Artestudio (Auditorio)	22/12/2020	<b>27/03/2021</b>
PTM/59		Os contos de Atenea. Xarope Tulú Aula de Ballet ás 12h	26/12/2020	<b>27/03/2021</b> ás 12h C.C.Lustres
PTM/73		O axudante de Papá Noel. Moc Moc (*) Auditorio	23/12/2020	<b>27/03/2021</b> ás 18h C.C.Castiñeiras
TMU/18		Concerto Con fusión.Píscore. Culturactiva (Auditorio)	20/11/2021	<b>06/03/2021</b> ás 20.00h
PTO/29		A primeira vez. Talía Teatro (Auditorio)	30/10/2020	<b>18/03/2021</b> ás 20.00h
PCO/59		SOS. Malasombra	23/10/2020	<b>12/03/2021</b> ás 20.00h
DRA/2		O mozo da última fila. Redrum Teatro (Auditorio)	06/11/2020	<b>26/03/2021</b> ás 20.00h
GT/37	Alicerce	Socorro. Grupo de Teatro da SCR A Pombiña	18/12/2020	Canceladas a petición das propias compañías
GT/86		Un morto moi vivo. G.T. Club de Maiores	27/03/2021	



GT/33		Noite de Reis. Escola de Teatro de Narón	11/12/2020 05/03/2021	afeccionadas.
-------	--	---	--------------------------	---------------

(\*) Adiado "O axudante de Papá Noel" a cargo de Moc Moc, do 23 de decembro ó 27 de marzo de 2021 este novo tempo propiciou mudar a temática do espectáculo. A compañía ofreceu no seu lugar "A verdadeira Historia de Hamelin" mantendo o importe total do espectáculo (Código Actuación PTM/72).

2.- Por outra banda, as seguintes actuacións do grupo municipal de teatro de Ribeira, co espectáculo "O Rei Telesforo busca noiva (e quere noivo)" solicitadas polos concellos de Boqueixón, Narón e Teo tiveron que ser anuladas definitivamente, a petición do noso grupo, por non poder ter ensaios e realizar a estrea do mesmo debido á pandemia sen ningún tipo de sanción por parte do ente provincial aos ser comunicado aos solicitantes e ser aceptado por eles.

CÓDIGO	PROGRAMA	Entidade solicitante	Data prevista	Data celebración
	Alicerce	Concello de Boqueixón	08/11/20 06/03/21	Anuladas a petición da propia compañía debido á pandemia.
		Concello de Narón	19/12/20 13/03/21	
		Concello de Teo	27/03/21	

Os espectáculos realizaranse tendo en conta todas as medidas de seguridade e prevención especificadas na normativa actual polas autoridades sanitarias a través da Orde de 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e publicadas no DOG nº 38 Bis do xoves 25/02/2021 pax 11912 a 11957, en concreto nos apartados 3.20 e 3.21 en canto a aforos, normas obrigadas de seguridade, distancias, agrupación por convivintes, sistemas de desinfección de locais culturais, entrada e saída do público asistente, etc previa inscrición no correo electrónico do departamento municipal de Cultura conservando os datos persoais estritamente necesarios ao longo dun mes e sendo destruídos unha vez finalice este prazo sen incidencia algunha."

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** os espectáculos nas novas datas e lugares propostos durante o mes de marzo, segundo o sinalado no citado informe.

## APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE ESPAZO NO NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CONCELLO DE RIBEIRA.

**VISTA** a proposta do Alcalde do Concello de Ribeira, Manuel ruiz Rivas, de data 02/03/2021, relativa á aprobación dunha solicitude de espazo de 2.000 metros cadrados no novo Polígono Industrial do Concello de Ribeira.

**VISTA** a consulta ao mercado da necesidade de chan industrial no novo polígono industrial do Concello de Ribeira, cun prazo de presentación de solicitudes que abrangan dende o 22 febreiro ao 22 de marzo de 2021.

**CONSIDERANDO** que o Concello de Ribeira, necesita dotarse dunha parcela para albergar distintas necesidades como poden ser, depósito de vehículos inmovilizados, depósito de mercadorías ou outras necesidades futuras.





En base ao exposto, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Primeiro.-** Aprobación dunha solicitude de espazo de 2.000 metros cadrados no novo Polígono Industrial.

**Segundo.-** Realizar a tramitación mediante o formulario ao efecto.

**Terceiro.-** Facultar ao Alcalde para realizar ós trámites oportunos.

### **ACORDO INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS, S.L.**

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Axiña Servizos Deportivos, S.L. para a prestación do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2020 declarouse a imposibilidade da execución do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira dende a data de 1 de maio de 2020, de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que o contrato quedou suspendido ata que a prestación poida renovarse.

Visto o escrito presentado por Axiña Servizos Deportivos, S.L. na data 26 de febreiro de 2021 no que solicita a indemnización de danos e prexuízos establecida no artigo 34.1 do Real Decreto Legislativo 8/2020 para o período de xaneiro de 2021, que ascende a 5.873,50 euros.

Visto o informe de intervención de data 03/03/2021.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 03/03/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a indemnización de danos e prexuízos do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira correspondente ao mes de xaneiro de 2021, a favor da concesionaria Axiña Servizos Deportivos, S.L. por un importe de 5.873,50 euros.

**SEGUNDO.-** Recoñecer a obriga por dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 342.22707 e ordenar o pago da mesma.



**APROBACIÓN PAGO (ACHEGA ANUALIDADE 2021) - CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA, PARA O ESTABLECIMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA UTILIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBEIRA**

Visto o escrito recibido da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 03.03.2021, no que se reflexa:

Segundo recolle o **Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira, para o establecemento de accións de promoción da utilización do transporte**, asinado o 22 de febreiro de 2021, na estipulación Cuarta. 4.2 Xestión das achegas que corresponden ás bonificacións 1. Achegas correspondentes ao Concello de Ribeira dispón:

*“Para tal fin, con carácter previo ao inicio da operativa real da bonificación xeral e das bonificacións sociais, o Concello de Ribeira transferirá á conta xeral da Xunta de Galicia o importe correspondente ao respectivo concepto para o exercicio 2021, calculado de forma estimativa no anexo III do presente convenio, remitindo no mesmo prazo á Dirección Xeral de Mobilidade xustificante do dito ingreso. O importe correspondente ao ano 2021 poderá ser axustado pola Dirección Xeral de Mobilidade, tendo en conta a súa directa vinculación coa data a partir da que sexa efectiva a aplicación real da correspondente bonificación.”*

De conformidade co exposto, a achega correspondente ao ano 2021, coa contía que figura no Convenio, deberá realizarse na seguinte conta bancaria:

- Número de conta bancaria: **ESXX XXXX XXXX XXXX XXXX XXXX**
- Concepto do ingreso: **“Convenio CIM-Concello Ribeira - Achega 2021”**
- Importe: **49.353,71 €**

En base ao anterior, e

**VISTA** a proposta da Alcaldía, de data 03/03/2021, relativa á aprobación de pago pago en concepto de achega anualidade 2021 Convenio CIM de transporte urbano, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e debate sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** A aprobación do pago de 49.353,71 euros en concepto de achega anualidade 2021 Convenio CIM de transporte urbano.

**Segundo.-** Dar traslado da presente aos servizos de Intervención e Tesourería para a contabilización e pago da anualidade 2021.

**Terceiro.-** Dar traslado do contido deste acordo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

**PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D<sup>ª</sup> M<sup>ª</sup> LUISA E D<sup>ª</sup> RAMONA ARIAS MANEIRO. EXPEDIENTE 2021 PATR000007.**

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:



#### ANTECEDENTES DE FEITO

1.- No ano 2018, D<sup>a</sup> Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14.966.210-A, era propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Porto do Son, Don José Manuel Rodríguez Casal, na data 28/09/1.993, co número 461 do seu protocolo: “Finca rústica, sita en Corrubedo, municipio de Ribeira, labradío, denominada “LEIRA DA HERBA”, de nove áreas e sesenta centiáreas (960 metros cadrados), que linda: Norte, estrada; Sur, herdeiros de José Hermo; Este, herdeiros de Bernardo Romay; e Oeste, Manuel Romay. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 858, Libro 214, Folio 78, Finca n<sup>o</sup> 18.092. Referencia catastral: 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ.”

2.- A estes efectos, na data 01/06/2018, procedeuse á sinatura do “**Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento.**”, polo que se procedía ao arrendamento da citada parcela por parte do Concello de Ribeira, que foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11/10/2018.

3.- Na data 26/11/2019 falece a Sra. Maneiro Romay, polo que por Decreto da Alcaldía de data 25/08/2020, resolvese subrogar a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Arias Maneiro, con DNI número 15969718J, e a D<sup>a</sup> Ramona Arias Maneiro, con DNI número 15905692L, na porcentaxe do 50% cada unha, nos dereitos da súa nai, D<sup>a</sup> Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14966210A, en concepto de arrendadora do contrato de arrendamento da finca sita en Corrubedo denominada “Leira da Herba”, subscrito con este Concello, para destinala a aparcadoiro municipal.

4.- Na data 11/10/2020, cumpríuse o prazo de duración de dous anos do contrato de arrendamento asinado polas partes, cuxa cláusula cuarta prevé a súa prórroga ano a ano ata un máximo de cinco, prórroga que deberá realizarse de forma expresa e por escrito de ambas partes.

5.- Por Providencia da Alcaldía de data 26/02/2021 dispónse dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os tramites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación da prórroga do contrato de arrendamento da parcela sita en Corrubedo antes referida, polo prazo dun ano, e con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría dende a data 12/10/2020 ata o 12/10/2021, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo dos dous anos ata a resolución e aprobación da prórroga.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoebles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

**SEGUNDA.-** A cláusula 4<sup>a</sup> do Convenio asinado polas partes para o alugueiro da parcela, dispón que o prazo de cesión establécese en dous anos, prorrogables ano a ano ata



un máximo de cinco anos, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes.

**TERCEIRA.-** O órgano competente para acordar a correspondente prórroga é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 01/03/2021, e visto o informe emitido polo Interventor, Pablo Bao Castro, de data 02/03/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Prorrogar o prazo de vixencia do contrato de arrendamento da parcela denominada “Leira da Herba”, sita en Corrubedo, propiedade de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa e D<sup>a</sup> Ramona Arias Maneiro, subscrito entre o Concello de Ribeira e a propiedade, por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 12/10/2020 ata o día 12/10/2021, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo de dous anos ata a resolución e aprobación da prórroga, co informe favorable do Interventor Municipal.

**SEGUNDO.-** Anotar a citada prórroga no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

**TERCEIRO.-** Notificar a resolución a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa e D<sup>a</sup> Ramona Arias Maneiro, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

O Alcalde  
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral  
Juan Manuel Salguero del Valle

